



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA VINTE E NOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN

No salón dourado da Casa do Concello desta cidade, a **vinde e nove de xaneiro de dous mil vinte e un**. Baixo a Presidencia do **Excelentísima Señora Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia do **tenente de alcaldesa don Jesús Javier Celemín Santos**, así como dos **concelleiros e concelleira don José Manuel Lage Tuñas, don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Diana María Sobral Cabanas**, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión **extraordinaria e urxente** en primeira convocatoria.

Asisten, así mesmo, don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior, desempeñando a función do Órgano de Apoio ao concelleiro secretario e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral e dona María Gabriela Gómez Díaz, directora da Asesoría Xurídica, en funcións de colaboración e asistencia.

Dá fe do acto a **concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, don Juan Manuel Díaz Villoslada**.

Asisten tamén os concelleiros e concelleira da oposición don Antonio Deus Álvarez (PP), dona María García Gómez (MA) e don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).

Excusan a súa ausencia o **tenente e tenentas de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez, dona Eudoxia María**

SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA VEINTINUEVE DE ENERO DE DOS MIL VEINTIUNO

*En el salón dorado de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a veintinueve de enero de dos mil veintiuno. Bajo la Presidencia de la Excelentísima Señora Alcaldesa, doña Inés Rey García, y con la asistencia del teniente de alcaldesa don Jesús Javier Celemín Santos, así como de los concejales y concejala don José Manuel Lage Tuñas, don Juan Manuel Díaz Villoslada y doña Diana María Sobral Cabanas, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión **extraordinaria y urgente** en primera convocatoria.*

Asisten, asimismo, don Miguel Iglesias Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoyo al concejal secretario y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general y doña María Gabriela Gómez Díaz, directora de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.

*Da fe del acto el **concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, don Juan Manuel Díaz Villoslada**.*

Asisten también los concejales y concejala de la oposición don Antonio Deus Álvarez (PP), doña María García Gómez (MA) y don Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).

*Excusa su ausencia el **teniente y tenientas de alcaldesa don Juan Ignacio Borrego Vázquez, doña Eudoxia María Neira***



Neira Fernández e dona María Esther Dolores Fontán Prado e a concelleira dona Mónica Martínez Lema.

Ás trece horas e trinta e sete minutos a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

DECLARACIÓN DE URXENCIA

43.- Ratificación da urxencia da sesión

Por **unanimidade**, en votación ordinaria, logo da explicación e xustificación para o efecto, acórdase:

Ratificar pola Xunta de Goberno Local a urxencia da sesión de conformidade co disposto no artigo 106.a) do Regulamento orgánico municipal e nos artigos 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.

ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

Contratación.

44.- Expte. 231/2021/1

Contratación, por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, da prestación de servizos bibliotecarios á rede de Bibliotecas Municipais da Coruña.

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa

Fernández y doña María Esther Dolores Fontán Prado y la concejala doña Mónica Martínez Lema.

Siendo las trece horas y treinta y siete minutos la Presidencia declara abierta la sesión y pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

DECLARACIÓN DE URGENCIA

43- Ratificación de la urgencia de la sesión

*Por **unanimidad**, en votación ordinaria, previa explicación y justificación al efecto, se acuerda:*

Ratificar por la Junta de Gobierno Local la urgencia de la sesión de conformidad con lo dispuesto en el artículo 106.a) del Reglamento Orgánico Municipal y en los artículos 112 y 113 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de noviembre.

ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR

Contratación

44.- Expte. 231/2021/1

Contratación, por procedimiento abierto con varios criterios de adjudicación, de la prestación de servicios bibliotecarios a la red de Bibliotecas Municipales de A Coruña.

Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la



certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Autorizar o gasto de dous millóns seiscentos sesenta e un mil douscentos noventa e oito euros con vinte e catro céntimos (2.661.298,24 €) anuais (IVE incluído) que supón a contratación de servizos bibliotecarios á Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña, gasto imputable á aplicación 50.3321.227.22 do Orzamento municipal en vigor, cunha duración de dous anos prorrogables por un ano máis. O gasto máximo previsto para o exercicio 2021 é de 1.552.423,97 €, para o exercicio 2022 de 2.661.298,24 € e para o exercicio 2023 de 1.108.874,27 € (IVE incluído en todos os casos).

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto con diversos criterios de valoración previsto nos artigos 156, 157 e 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, aprobando para o efecto os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberán de rexelo.

Terceiro.- Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e seguimento

*certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:*

Primero.- Autorizar el gasto de dos millones seiscientos sesenta y un mil doscientos noventa y ocho euros con veinticuatro céntimos (2.661.298,24 €) anuales (IVA incluido) que supone la contratación de servicios bibliotecarios a la Red de Bibliotecas Municipales de A Coruña, gasto imputable a la aplicación 50.3321.227.22 del Presupuesto municipal en vigor, con una duración de dos años prorrogables por un año más. El gasto máximo previsto para el ejercicio 2021 es de 1.552.423,97 €, para el ejercicio 2022 de 2.661.298,24 € y para el ejercicio 2023 de 1.108.874,27 € (IVA incluido en todos los casos).

Segundo.- Aprobar el expediente de contratación y disponer la apertura del procedimiento de adjudicación mediante procedimiento abierto con diversos criterios de valoración previsto en los artículos 156, 157 y 158 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, aprobando al efecto los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que habrán de regirlo.

Tercero.- Encomendar al Servicio de Contratación la realización de los trámites necesarios para la apertura del procedimiento de licitación y seguimiento



do oportuno expediente.

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás trece horas e corenta minutos, a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía e o concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

del oportuno expediente.

No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las trece horas y cuarenta minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía y el concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.